



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE ABRIL DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de abril de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezanove de abril de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **Don José Mosquera Almuiña**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Camelias nº 2, 2ºD, Milladoiro, Ames, número de expediente **RIB/C/28/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 22.04.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na Baixada o Consello nº 19 (Ref. Catastral 0927614NG7802N0001LB), a solicitude de **Don José Mosquera Almuiña**, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Xulgado do Social nº 4, Sentencia relativa o procedemento ordinario num. 0000132/2016, sobre recoñecemento de trienios o traballador municipal Don José Manuel Pérez Otero.



- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 12-04-2016, nomeando dirección facultativa e coordinación de Seguridade e Saúde da obra denominada "Ponte Romano de Francelos, Camiño de Prexigueiro", nº 77/POS/2016.

- Da Axencia de Turismo de Galicia, Resolución de concesión de subvención para a Feira do Viño do Ribeiro 2016, por importe de 3.000 euros.

- De Aqualia, escrito comunicando necesidades de actuación no abastecemento de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ORDE DE 31 DE MARZO DE 2016 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 31 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións as entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ,acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Secretaria Xeral de Política Lingüística, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Orde”.

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR OFICINA DE TURISMO.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 20.04.2016, en base a comunicación recibida da Axencia Turismo de Galicia, pola que se comunica que se procede ao outorgamento dunha subvención, para a contratación de dúas persoas a tempo parcial, para a oficina de turismo por un importe de 5.199,90 euros

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.04.2016.
2. Informe xurídico de data 25.04.2016.
3. Informe Intervencion de data 25.04.2016.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de auxiliar oficina de turismo.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

ORDE DE 21 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS, EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, MANCOMUNIDADES OU AGRUPACIONES DE CONCELLOS GALEGOS, CONFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a adxudicación de equipamentos de



emerxencias, en rexime de concorrencia competitiva, a Concellos de menos de 50.000 habitantes, Mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Orde”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia